



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 5 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo a:

- A) O nivel do título esixido para o ingreso.
- B) A función desenvolvida.
- C) O tipo de nomeamento.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. Segundo a Lei galega 3/2001 do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:

- A) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Nacional de Saúde.
- B) Debe ser entregada ao paciente tras cada episodio asistencial.
- C) Debe incluír o médico ou profesional responsable.
- D) É propiedade do paciente.

3. A provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, segundo o Decreto 206/2005 do 22 de xullo que a regula, rexerese polos seguintes principios básicos:

- A) Mérito e capacidade na selección do persoal do organismo.
- B) Igualdade e publicidade na mobilidade do persoal do organismo.
- C) Igualdade, mérito, capacidade, e publicidade na selección, promoción e mobilidade do persoal do organismo.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

4. O dereito á protección da saúde está recollido na Constitución Española entre:

- A) As garantías das liberdades.
- B) Os deberes da Administración.
- C) Os principios reitores da política social e económica.
- D) As disposicións adicionais.

5. A Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, establece que o sistema Público de Saúde de Galicia ordénase territorialmente en:

- A) Estruturas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- B) Áreas sanitarias, estruturas sanitarias e distritos sanitarios.
- C) Áreas sanitarias, estruturas sanitarias e zonas sanitarias.
- D) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.

6. De conformidade co artigo 1 da Lei 14/1986, Xeneral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á asistencia sanitaria:

- A) Todos os españois.
- B) Todos os españois e cidadáns estranxeiros.
- C) Todos os españois e cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- D) Todos os españois residentes no territorio nacional en situación de alta na seguridade social.

7. A lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece que se constituirá un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas que contén con:

- A) 25 ou máis traballadores.
- B) 50 ou máis traballadores.
- C) 75 ou máis traballadores.
- D) 100 ou máis traballadores.

8. Aos efectos da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase mediante:

- A) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei.
- B) Certificación ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- C) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- D) Todas as respostas son correctas.

9. Conforme ao previsto na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o complemento de destino está destinado a retribuír:

- A) O nivel do posto.
- B) O especial rendemento.
- C) O grao recoñecido.
- D) A dificultade técnica, perigosidade e penosidade do posto.

10. Segundo o artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento estará constituído por deputados elixidos por:

- A) Sufraxio restrinxido.
- B) Sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- C) Sufraxio restrinxido, igual, libre, directo e secreto.
- D) Sufraxio universal, igual, libre e público.

Preguntas de reserva

1. De acordo co artigo 43 da Constitución Española de 1978, os poderes públicos fomentarán:

- A) A educación física e o deporte.
- B) A implantación dun calendario de vacinacións.
- C) As leis penais contra delitos sanitarios.
- D) A construción de estruturas sanitarias.

2. O artigo 9 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través de:

- A) A Xunta e o seu Presidente.
- B) A Xunta, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o Parlamento.
- C) A Xunta e o Parlamento.
- D) O Parlamento, a Xunta e o seu Presidente.